



## PISCINA RÍAS DO SUR

Pola presente informámosvos que este ano a **PISCINA RÍAS DO SUR para o curso escolar 2020-2021 non permite a xestión dos alumnos a través da ANPA** polas circunstancias extraordinarias ás que nos enfrentamos, por todos coñecidas, polo que a **ALTA XESTIONARASE DIRECTAMENTE NAS SUAS INSTALACIÓNS.**

### HORARIO CONCERTADO:

**MARTES: De 16:45 a 17:30 horas \***

\*(se este horario non vos convén, consultade directamente alí a dispoñibilidade doutro)

### PREZOS TRIMESTRAIS

- 34,50 €/trimestre.

### NORMATIVA:

A actividade de piscina xestionase externamente pola empresa SIDEKU, sendo a responsable do servizo e da instauración do seu plan de continxencia fronte ao COVID-19.

No primeiro día da actividade as familias dirixiranse ao mostrador de recepción para deixar aqueles datos que lle requira a empresa.

Dispoñen dun plan de continxencia xeral fronte ao COVID-19 no centro, implantado desde o 18 de xuño, destacando as seguintes medidas:

- Itinerarios de circulación de entrada e saída diferenciados.
- Distancia interpersoal de 2 metros.
- Uso de máscara obrigatoria en todo o centro (só pode ser retirada na ducha e unha vez metidos na auga).
- Uso de xeles hidroalcohólicos e limpadores de superficies en todas as áreas do centro.
- Reforzo da limpeza do centro, aumentando repasos diarios e realizando unha limpeza de choque pola noite e a mediodía.
- Renovación automática dos cursos para evitar aglomeracións na recepción.

Debido a situación actual, este ano a empresa non realizará reunións cos pais/nais/titores, enviándolles a información relevante antes do inicio dos cursos (inicio 1º trimestre o 1 de outubro de 2020).

## PISCINA BUDO

Pola presente informámosvos que este ano a **PISCINA BUDO para o curso escolar 2020-2021 non permite xestión dos alumnos a través da ANPA** polas circunstancias extraordinarias ás que nos enfrentamos, por todos coñecidas, polo que a **ALTA XESTIONARASE DIRECTAMENTE NAS INSTALACIÓNS DO CENTRO BUDO.**

### PROPOSTA:

1. Prazas limitadas.
2. Clases de 40 minutos.
3. Pago mensual.

**TARIFAS** (inclúe un desconto por ser un ANPA que ata este ano colaborou co centro Budo):

- **1 día/semana:** 20,00 €.
- **2 día/semana:** 38,00 €.



### **NORMATIVA:**

- Uso obrigatorio de máscara para todos a partir dos 6 anos. Deberán acceder con ela á piscina e só cando os monitores llo indiquen a gardarán nunha bolsa que deixarán encima do seu calzado de baño.
- Só poderá entrar na instalación un/unha acompañante por neno/a.
- Desinfectarán os pés na alfombra desinfectante que se atopa na entrada.
- Desinfectarán as mans co xel hidroalcohólico que se atopa na entrada.
- A entrada ao vestiario será 5 minutos antes do comezo da clase e, ao finalizar esta, 10 minutos para cambiálos.
- Os monitores serán os encargados de recoller ao alumnado no vestiario e levalos de volta.
- Durante o transcurso da clase non se poderá permanecer nos vestiarios.
- Quen teña síntomas compatibles co COVID-19 ou estiveran en contacto preto dalgunha persoa infectada, non deberá acudir á instalación.
- Deberán rexistrarse na recepción ao ingresar na instalación.
- É moi importante que se respecten en todo momento as sinalizacións e as indicacións do persoal.

### **Centro Budo tomou as seguintes medidas de reforzo da limpeza e desinfección:**

- Limpeza de vestiarios ao final de cada clase.
- Na piscina limpeza de todo o material utilizado e das varandas e pomos de portas ao finalizar cada clase.
- Limpeza continua de toda a instalación ao longo do día en varias quendas.
- Postos de xel hidroalcohólico.

## PISCINA CAMPOLONGO

Pola presente achegámosvos o comunicado da empresa **BEONE Campolongo**, responsable da actividade de piscina no centro municipal de **CAMPOLONGO para o curso 2020-2021:**

*"Ante as novas medidas derivadas da situación de pandemia que ven adoptando a Xunta de Galicia nas últimas semanas e as incertezas que supón a organización dos grupos e os aforos da instalación, nos vemos obrigados a suspender o inicio da actividade extraescolar de natación que todos os anos ofertábamos por estas datas.*

*Esperamos que co esforzo de todas a situación mellore nas próximas semanas e poidamos retomar a actividade o antes posible. De ser así, contactaríamos con vostedes para facilitar espazo e horario. Mentres tanto, non nos queda máis remedio que esperar a unha mellor situación xeral.*

*Grazas polo vosa comprensión e desculpade as molestias.*

*Saúdos.*

*A dirección do centro Beone Campolongo."*

**A Xunta Directiva da ANPA Xeve.**